


Núm. 32

15-8-26

nós



CASTIAG



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

Leltas ao teu ouvido, por F. Bouza Brey.

Boreas, por Manuel Portela Valladares.

Ulyses, Tradución de R. Otero Pedrayo.

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Os homes, os feitos as verbas, pol-a Redaución.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VIII ★ Ourense 15 Agosto 1926 ★ Núm. 32

LELÍAS AO TEU OUVIDO

O pumariño da noite quer froitificar estrelas.

O tanxer de ista cantigá é a siñal para alcendelas...

—jay meu amor!

...é a siñal para alcendelas

Agárdanos na ribeira, sob o descordo do mar,
no seo dos cons, o leito de herbiñas de namorar...

—jay meu amor!

...de herbiñas de namorar.

As nove ondas do ensono espreitan co seu engado
pra enguedellar a toleira de ista noite de noivado...

—jay meu amor!

...de ista noite de noivado.

Eisí ao fontegal da espranza, antes de que saia o día,
iremos enguedellados catar a frol da auga fría...

—jay meu amor!

...catar a frol da auga fría.

Ao alén!, que no pumariño madurecen os luceiros;
nosos doux curazós beilan tolos nos ledos turreiros,

—ay meu amor;

no labradío das ondas albea a frol do luar,
lámpada para o teu leito de herbiñas de namorar,

—ay meu amor;

si algún malfado nos fire axotaremos o mal
a bicos, jouh caramiña de un virxe caramiñal...

—jay meu amor!

de tin virxe caramiñal!

F. BOUZA BREY.



B O R E A S

ALBOR, quer decir escomenco, craridade, lus nova. I a lus, visibel ou invisibel é a áne-ma do mundo. As suas vibraciós fan cór, fan liña, fan forma, fan pensamento, fan vida.

A paisaxe n'está soilo nas cumiadas e pendores, nas arbres e nas augas. Está tamén no ceo, na lumiosidade da outura, nos refrelos que arranca, no soplo vital que pon en canto chinca. Terra e mar son súbditos da lus, sumisos sempre a seguiren o seu tono; artesans que baixo a sua voz compoñen a gran sinfonía da natureza.

Esta lei de correspondencia entre o seitor elto e a parte inferior da paisaxe foi ben coñecida e praticada polos pintores holandeses, os que mais deberían influenciar por afinidades de lus nos futuros artistas galegos. Ruysdael, Hobbema, Potter, reproducen sempre esaitamente no chan as nodoas i as tintas do ceo.

Un pedazo de terra, quelmada de séculos, despoboada, anioxóuse no frescor da mañán, nos cendals, de brétema que puxera recente chuva, que tiña, no regato sedento ante morras volgadas e na rara vexelación, as perspectivas dun cadro do Norte. A alma intensa, trágeca, adoecida do planalto luxira diante das fecundidades da auga. O horizonte frocará por galas de bonitura o seu intrés de grandeza atormentada.

O arte clásico -eurítmia, predominio da liña, medida que xurde espontánea dos ollos- nace dunha lus cegadora que mata as cores, que afia as aristas, que presentando só contornos permite reparar a más nimia irregularidade. Velehi o equilibrio soberán do gran templo de Karnac, d'Acropolis, dos moimentos do Nilo. Requieren base uniforme alonxada de todo accidente, e igoaldade no ar.

No pedra -inmovilidade e perennidade - busca o pensamento - os seus módulos - arquitectura e escultura-. Son as artes da serenidade, son Homero, Sócrates, Zenon, o espírito da Grecia sen o viaxeiro Dyonisos.

É por iso a pintura nascen no Norte. Endeanzas a policromía -oposición de cores- representaba todo o contrario do que a pintura, ligazón e desvanecementos, representa.

Vivimos nosoutros en mol soavidade, sen que ren nos firá de fora, nunha constante afabilidade -outra vez volta ante min o recodo dos Países Baixos- en repouso sensual, en tépedo agrado do mirar. Unha luz húmida, esmerilada, deixamos contemplar en quietude eiscesiva o mundo exterior e lévanos a nos recoller naquelhas vagas sentimentais intimidades do espírito que constituíno o xenio da nosa Rosalía. Canto mais chove mais pra dentro miramos. A saudade galega fórmase como as nubes, de vapor d'auga, que a vegadas cállase nos ollos.

Os pobos i as razas son a Geografía, i a Geografía pódese dibuxar, pola lus.

Non falemos demasiado, pois, da paisaxe galega, senón de humidade galega, de lus ga-lega para eispresarmos o noso caráter, para jusgar canto nos arrodea.

I elsi alcontraremos que cando ven o vento de Boreas limpando o ceo, secando o chan, cravando as suas agullas, panorama e homes pañamos a outras actividades e ingresamos nun ritmo diferente. Sentimos firmes os pés, podemos avanzar, podemos saltar i entrarnos degaros de facer, de traballar, de progresar.

Estantes lembramos de que as nosas rías teñen semellanzas cos diseños da gran península da civilización antiga, que polos nosos mares pasou a Helade e comprendemos o culto d'Apolo, a festa de San Johan, o reino do Sol,

É un contraste, unha compensación, unha harmonía plea de posibilidades que eixiste na alme galega.

Pra esta hora de anovamento, neste albor da nosa terra, desexo os ventos do Norte, sedadores, que queimen moitas causas que nos abafan, que nos fagan marchar e nos aguillonen pra ir de presa.

M. PORTELA VALLADARES

ULYSSES

(ANACOS DA SOADISEMA NOVELA DE JAMES JOYCE. POSTOS EN GALEGO DO TEXTO INGLÉS, por RAMÓN OTERO PEDRAYO)

QUE paseio paralelo trouxeron ó dar volta Bloom e mais Stephen?

Surlindo co andar ordinario da Praza de Beresford, eles seguiron no orde nomeado as rúas Lower e Middle Gardiner e praza Mountjoy, ó W: logo menos Temple, ó N: logo, menos axiña pol-a praza Gardiner, seguiron sen decatárente deica o cabio da rua do Temple, ó N: logo, inda mais adispacío, deténdose moito seguiron dereito a rúa do Temple, ó N, deica a praza Hardwicke. Chegándose, apartándose e con andar vagaroso, cruzaron diametralmente o circu diante da igrexa de San Xurxo, sendo a corda do arco sempre menor que o orco que aquele sostén.

De que felou o duumvirato ó longo do itinerario?

Música, literatura, Irlanda, Dublin, Paris, amizade, muller, prostitución, xantar, da influenza do alumbrado e da luz d'arco ou de lámpara sobr'a crecencia dos enxertos d'árbes paraheliotrópicos. Eirexa católica romana, celibato eclesiástico, nazón irlandesa, ensino xesuitico, profesións, estudio da melclña, o dia d'onte, o malfado do pre-sabbath, colapso de Stephen.

Poido Bloom descobrir fautores de semillanza n-as suas iguás ou desiguás realciós diante da esperencia?

Os dous eran mais sensibres ás impresións musicais que ás plásticas ou pictórecas. Os dous gostaban millor unha maneira continental de vivir, que insular, unha residenza cíclonica que tras-atlanica. Os dous traballados por esperencias domésticas e por herdada forza de resistencia heterodoxa profesaban sua descrença pra moitas doutriñas ortodoxas relixiosas, sociás, nacionás i-éticas. Os dous admitían a influenza alternativamente estimuladora e deprimidora do magnetismo heterosexual.

No qué s'afastan as suas opiniós sobr'algun-as cousas?

Stephen afastábase abertamente da opinión de Bloom sobre da importancia da axuda cívica e alimenticia, namenras que Bloom afastábase tacitamente de Stephen sobre da eterna afirmanza do espírito humán na literatura. Bloom daba asenso caladamente á rellificación que fixera Stephen do anacronismo envolto en por a data de conversión da nazón irlandesa do druidismo ó cristianismo feita por Patricio, fillo de Celpornus, fillo de Potitus, fillo d'Odyssus, mandado pol-o Papa Celestino I, no ano de 432, no reinado de Leary, ó ano 260 ou arredor, no reinado de Cormac Mac Art (†266 A. D.) morto d'unha enxencia en Slattery i-enterrado en Rossnaree. O colapso, ó que Bloom puña por causa a priguiza gástrica e certas misturas de variada adulteración e forza alcohólica, xuntamente co traballo mental i-a rapideza do movemento circular n-unha atmósfera carregada, apúñallo Stephen á reaparición d'unha nube da mañá (ollada por entrambos dous dende dous diferentes sitios, Sandycove e Dublin) mais pequena ó comienzo qu'unha mau de muller.

En que causa as suas opiniós eran as mesmas e negativas?

A influenza do alumbrado ou luz eléctrica na crecenza dos enxertos dos árbes paraheliotrópicos.

* *

Tiña Bloom porfiado d'asuntos semellantes ó largo de longas camiñatas, no pasado, á noite?

No 1884 con Owen Goldberg e Cecil Turnbull de noite en pasaxes públicos entre a avenida Longwood i-a esquina de Leonardo, e

esquina de Leonardo e rúa de Synge, e rúa de Synge i-avenida de Bloomfield. No 1885 con Percy Abi-John na noite, recinados contr'aparede, ante Vila Gibraltar e a casa de Bloomfield en Crumlin, baronia d'Uppercross. No 1886 con amigos de viaxe, falando frente por frente e ollando pr'es portas, nas terceiras do tren suburbano. No 1888 moitas vegadas co Maior Brian Tweedy e a sua filla Miss Marion Tweedy, xuntos ou arredados, nas vacaciós na casa de Matthew Dillon en Roundtown. Outra volta no 1892 e outra no 1893 con Xilio Mastremky, nas duas ocasiós no despacho do derradeiro, na rúa Lombard, W.

Qué conseqüencias refrexábanse pra Bloom da irregular seqüencia das datas 1884, 1885, 1886, 1888, 1892, 1893, 1904, infruindo no seu fado?

Matinaba que a progresiva estensión do campo do seu desenrollo individual i-esperimental era regresivamente acompañado da disminución do campo da conversa e das relacions interindividuás.

**

Asegún qué camiño?

Da incisista á eisistencia il chegaba a moitos i-era recibido coma sin: eisistencia con eisistencia il era co-algún com'algún co-algún: de eisistencia ido á ineisistencia ha ser por todos percibido coma ningún.

**

Qué fixo Bloom en chegando ó seu destino?

Na escalaia da casa do 4.^º do equidifrente desigoal dos números, número 7 rúa Eccles, botou mecanicamente a mau na alxibeira d'atrás dos seus calzós, procurando a chave de

**

Ond'estaba?

Estaba na alxibeira correspondente do pantalón que tiña trocado no día.

Por qué s'enrabechou dobramente?

Por mor do esquecemento e mais por lembrar ler pensado por duas veces en se non esquecer.

**

Cáles foron logo as alternanzas dianle a,

NOS

premeditadamente (respeitivamente e *Impensadamente*, parexa sen chave?)

Entrar ou non entrar. Chamar ou non chamar.

**

Acordo de Bloom?

Unha estraxema. Pondo os pésriba do muriño, rubiu na balaustrada, apretou o chapéu na testa, agarrou duas puntas na beixa unión da balaustrada co-a escalaia, baixo o corpo pouco e pouco, no seu altor de cinco pés, nove pulgadas e meia, deixa dous pés, dez pulgadas da superficie do enlousado, e permelindo ó corpo moverse libremente no espazo, arredándose dos balaustres e baixándose en previsión da caída

**

Il caeu?

Pol-o sabido peso do seu corpo, de nove pedras e catro libras, asegún a graduada máquena pra periódico peso na casa de Francis Froedman, farmacéutico-químico da rúa Frederick, 19, N, pol-a derradeira festa da Ascension, a saber, o doce de Maio do ano bisesto de 1904 da era cristiá (era xudia 5664, era manometana 1322), áureo número 5, epacta 13, ciclo solar 9, letra dominical C. B. Indicación romana 2, período xuliao 6617, MCMIV.

**

Il ergueuse lastimado?

Ganando novo equilibrio estable, ergueuse sen golpe, inda que axitado pol-o choque, ergueu o aldabón exercellendo a forza no seu libre flanco movente e por forza de palanca de primeiro xénero alcanzou a cociña pol-o fregadeiro subxacente, acendeu a forza d'un mixto por frega, ceibou gas inflamable de carbón dando volta á chave producindo unha outa lapa que regulou a calada candescencia, e por fin acendeu un candieiro.

**

Qué sucesión de imaxes ouservou ó tempo Stephen?

Apoiado na verxa mirou a través dos transparentes vidros da cociña un horre regulando unha chama de gas de 14 C. P., un home

acendendo un candieiro, un home sacando unha por unha cada unha das suas bolinas, un home deixando a cociña c'un candieiro de 1 C. P.

Voltou o home xurdir n-outro lado?

Logo d'entre os minutos, o lume do seu candieiro viase pol-o semicircular vidro semitransparente riba da porta do pátio. A porta diu volta nos couzós. No aberto espazo xurdiu o home sen chapeu, co candieiro.

Obedeceu Stephen seu aceno?

Obedeceu, entrando docemente, axudou a pechar i-encadear a porta e segui ó longo do hall a traseira do home e listados pés i-acesa candeas, pasaron unha alumada bufarda de porta e amodito baixaron unha escala de caracol de cinco escalóns, que levaba á cociña da casa de Bloom.

Qué fixo Bloom?

Matou o candieiro c'un soprido agudo na chama, puxo duas cadeiras de piñel d'asento liso na pedra do lar, unha pra Stephen d'costas á fenestra, outra pra il cando lle comprixe, axoellouse n-un xoello, compuxo na reixa unha pira de guizos resinosos cruzados, algúns papeles de coores e polígonos mal feitos do millor carbón d'Abram a 21 shillings a tonela, do almacén dos Sres. Flower e McDonald, num, 14 da rúa D'Ollier, puxo lume en tres puntas de papel c'un mixto, co que liberouse a enerxía polencial contida no fogón por entrar o seu carbono e o seu hidróxeno en ceibe unión co ousíxeno do aer.

En qué apariciós pol-o xeito malinaba Stephen?

Sobre d'outras en calquera lado, cando axoellado n-un xoello ou nos dous, acenda lume pra il, do irmau Michael na enfermería do Colexio da Compañía de Xesús en Clongowes Wood, Sallins, condado de Kildare; do seu pai Simón Dedalus, n-un desalaxado carto da sua primeira residencia en Dublin, número

ro 13 da rúa Fitzgibbon; da sua Madriña Miss Kate Morkan na casa da súa difunta irmá Miss Xulia Morkan, no 18 Usher's Island; da sua nai Mary, viuda de Simón Dedalus, na cociña do 12 da rúa North Richmond, na mañá da festa de San Francisco Xavier, 1898; do Director de Estudos, Padre Butt, no anfiteatro de fisica do Colexio universitario, 16, Stephen's Green, N; da sua irmá Dilly na casa do seu pai en Cabra.

Qué pudo ollar Stephen erguendo a vista á outura da lepa, na parede oposta?

Debaixo d'unha ringlera de cinco campañas, unha corda combada estesa ante duas grapas postas nos socalcos da cheminea, da que penduraban catro pequenos panos dobrados consecutivamente en reutángulos adxacentes e un par de calcetas gris de muller con corchetes de ligas Lisle e pés na sua adoitada posición, descansando en tres clavixas de pau, duas nos cabos e a terceira no punto d'unión.

Qué mirou Bloom na reixa?

Á dereita (mais pequena) penduraba un cazo de porcelana azul; á esquerda (mais longa) unha cazola de ferro negro.

Qué fixo Bloom?

Removeu o cazo á esquerda e levou a cazola pr'a fregadeiro pra lepal-a corrente ó abril-o grifo.

Correu a i-auga.

Correu. Do Depósito de Roundwood no condado de Wicklow d'unha capacidade cúbica de 2.400 millóns de galóns, percorrendo o longor d'un aqueduto por baixo da terra de filtros principais de sempre e sobre tubería feitos según un plan inicial ó custo de 5 pesos por yarda lineal pol-o trayecto de Dargle, Rathdown, Glen de Downs e Callowhill ó depósito de 26 acres en Stillorgan, unha distancia de 22 millas, e dend'ali ó longo d'un sistema de cada vegada máiores tanques, d'unha extensión de 250 pés de leito lindelos da cibade na ponte d'Eustace, sobr'a rúa Leeson, inda que nos vreas de moita seca e c'un gasto diario de 12

millós e medio de galós, a l-auga tiña baixado por baixo do nivel da chea, polo que o ispeitor e inxíñeiro hidráulico Mr. Spencer Hartly, C. E. nas instruccions pr' o emprego da l-auga tiña prohibido o gasto das augas municipais pr' outros fins do consumo (ollando a posibilidade de ter que botar mau das augas poredos canles Grande e Royal, coima no 1893), especialmente en Gardas do Hospicio do Sul de Dublin apesar da sua ración de 15 galós diarios pra cada probe, tiñan sido causantes d'un gasto de 20.000 galós cada noite por unha variante do seu medidor, como demostrou o axente legal da corporación, Mr. Ignatius Rice, procurador, o que era molto en dano da outra porción do pobo que pagaba ben as tasas, solvente, polo que diu a voz d'alarmo.

* * *

Qué ademirou Bloon, ollando pr' o grifo, na l-auga, amante da l-auga, augador, carretero d'auga?

A sua universalidade; a sua democrática igualdade e constancia de natureza mirando seu propio nivel; a sua larganza no océano na proiección de Mercator; a sua fondura nos estreitos da sonda e no Pacífico, que sobe das 8.000 brazas; a inquedanza das augas e movilidade das partículas de superficie, visitando por turno todos os lugares das orelas; a independencia da sua unidade; a variabilidade dos estados da mar; a sua quietude hidrostática na calma; a sua hidrokinética turxididade nas grandes mareas; a sua tranquilidade despois da devastación; a sua esterilidade nas terras circumpolares; a sua sinificanza climática e comercial; a sua preponderanza de 3 a 1 sobre a parte enxoita da terra; a sua indisputable hegemonia estendéndose en légoas cadradas por toda a rexión do trópico de Capricornio; a primordial estabilidade da sua primitiva bacía; o seu leito de frolla leonada; o seu poder pra disolver e manter disoltas todos os suslazas que se disolvén contando millós de toneladas dos mais finos metáis; as suas graciosas erosions en penínsulas e promontoiros vixiantes do largo; os seus depósitos aluviais; o seu peso, volume e densidade; a sua tranquilidade nos lagos e lagoas das montañas; a gradación das coores nas zonas xeadas, temperás e

quentes; as suas ramificacions conductoras nas correntes dos lagos e na confluencia dos grandes ríos c'as correntes transoceánicas: gulfstream, correntes norte e sulecuatorias; a sua forza nos terremotos, manantiales, puzos artesiáns, eruptions, torrenteiras, remoños, maelströms, resacas, regueiros, cachoeiras, olas, puzos das minas, geysers, inundacions, diobos, treboadas; a sua estesa circumferenze e ahorizontal comba; a sua secreción nas primaveiras e humedad latente amostrada polos aparellos hidrométricos I-exemplificadas polos buratos da parede de porta d'Ash-town, saturación do áer; estilección do orballo; a simplicidade da sua composición, duas porcions de hidróxeno pra unha d'oxíxeno; suas virtudes curativas; a sua densidade no Mar Morto; a sua penetración constante nos canos, fochas, diques malfeitos, buratos do casco dos barcos; as suas propiedás pra crarear, matal-a sede e o lume, mantel-a vexetación; a sua fallibilidade coma paradigma e paragón; as suas metamórfoses coma vapor, neboeira, nube, chuvia, orballo, pedrazo, neve; a sua forza en rixidos hydrantes; a sua variedade de feitios en badias, seos, gollos, fiords, estreitos, albuferas, atolls, arquipélagos, canles, pasos, esteiros e brazos de mar; a sua solideza en glazlares, ice-bergs, xelos frotantes; a sua homildeza en traballos hidráulicos, mulhos, trubinas, dinamos, estaciós eléctricas, serradoiros, fábricas; a sua utilidade en quelles, ríos navegables, docks frotantes; a sua potencialidade derivada das cachoeiras e das mareas; a sua submariña fauna e flora (anacústica, fotófoba) numéricamente, senón literalmente, a verdadeira habitadora da terra; a sua ubicuidade formando o 90% do corpo do home; a peste das fonduras onde podrecen as herbas na l-auga, doentes froles da l-auga, augas mortas na lua mingoante.

* * *

Despois de pôr a cazola mediada en col dos carbós ardentes agora, porqué voltou ó grifo?

Pra laval-as maus lixadas c'unha meio gastada pastilla d'enxabón de Barrington coor de limón, que inda tiña algún papel apegado (mercada había trinta horas por catro pence e inda non pagada), na fresca l-auga corrente non conservada mais anovada na sua caida, e

logo-enxugal-as maus i-a face n-unha toalla de holanda de molta basta, envolta n-un soporte de madeira.

°°

Qué razós tiña Stephen pra non aceitar o ofrecemento de Bloom?

Qu'era hidrófobo, odiando o parcial contautio por inmersión ou parcial por sumersión na i-auga fria (o seu baño derradeiro fora no mes d'Outono do ano anterior) desprezando as sustanzas aquosas de vidro e cristal, desprezando aquacidade de pensamento e de fala.

°°

Qué empechaba a Bloom dar consellos de hixiene e profiláuteca, ós que poidera engadir suxestións preliminares sobra moliadura da testa e contraución dos musculos con vivos movementos da faciana, pescoco e rexións torácica e gástrica en caso de baño no río ou no mar, sendo as partes da anatomía do corpo mais sensibles á i-auga fria, o carrolo, estómago e pranía dos pés?

A incompatibilidade da aquacidade co-a orixinalidade erráleca do xenio.

°°

Cál, reducido á sua sempre reciproca forma, era o pensamento de Bloom sobre o pensamento de Stephen sobre Bloom, e o pensamento de Bloom sobre o pensamento de Stephen en col do pensamento de Bloom sobre Stephen?

Il pensaba que pensaba qu'il era un xudeu, por tanto il coñecía que coñecía qu'il coñecía que non-o era.

°°

Qué probas daba Bloom pra demostrar qu'a sua arela era pr'a cencia apricada millor que pr'a pura?

Certas posibres invencions nas que tiña matinado cando deitado n-un estado de supina fartura e dixestión, animado pol-a sua estimaña da hoxe común, mais d'aquela revolucionaria, importanza das invencions, por exemplo o paracaídos avrostáteco, o telescopio refleutor, o espiral tirabuzón, o silón d'auga mineral, a canle con esclusas, a bomba aspirante.

°°

Qué anacos de versos das antigas léngeoas hebrea e irlandesa eran citados con modulacións de voz e tradución de texto por visitante e visitado e por visitado a visitante?

Por Stephen: *sull, sull, sull arun, sull go sia cair agus, sull go cuin* (anda, anda, anda o teu camiño, camiña satisfeito, camiña con tino).

Por Bloom: *Kifeloch, harimon rakatejeh ni baad I zamatejeh* (a tua tempa antr'o feu cabelo é com'un anaco de curtiza de granada).

°°

Com'era unha glífica comparanza dos fórmulas dos dous lenguaxes feitos en sustanciação da comparanza oral?

Na antederradeira folla branca d'un libro d'estilo literario inferior, *Delicias do Pecado* traguido por Bloom e fan gestado que cuasque perdera o grosso) c'un pincel (pedido por Stephen) escribiu Stephen os carácteres irlandeses de *gee, ch, dee, em* sempre modificando, e Bloom á sua volta escribiu os carácteres hebraicos *ghimmel, aleph, dalet*, e (a falla de *mem*) un sostitutivo *qoph*, espranando os seus valores aritméticos coma números ordinás e cardinás, a saber 3, 1, 4 e 100.

°°

A coñecencia que tiñan os dous d'estas léngeoas, a morta e a viva, era teórico ou práutico?

Teóricamente, reducido a certos accidentes de gramática e sintaxe, e práuticamente escruizado o vocabulario.

°°

Qué puntos de relación existen entres estas léngeoas e as xentes que as falan?

A presenza de sons guturais, aspiracións diafrágicas, letras epentéticas e serviles nas duas léngeoas; a sua antigüedad, sendo as duas ensinadas no chao de Shinar 242 anos despois do Díobio no seminario fundado por Jenius Farsaig, descendente de Noah, proxenitor d'Israel e abó de Heber e Heremón, proxenitores d'Irlanda; as suas literaturas arqueolóxicas, xenealóxicas, haxiográficas, exégeticas, homiléticas, topónomasticas, históricas e relixiosas, comprendendo as obras de rabbis, Torah, Talmud (Msc'na e Ghemara), Massora,

Pentaeuco, Libro de Dun Cow, Libro de Ballymote, Garland de Howth, Libro de Kells; a sua dispersión, persecución, renacencia e resurrección; o isolamento do seu sinagóxico e eclesiástico ritos no *ghetto* (S. Mary's Abbey) e casas de Misa (taberna d'Adán I-Eva); a proscripción dos seus vestidos nacionais por leis penais e acias; a restauración de Sión en Chanaan e a posibilidade da autonomía ou devolución polifeca da Irlanda.

**

Cál era a sensazón auditiva de Stephen?
Il ouvia n-unha fonda, antiga e varil melodía
e acugulación do pasado.

**

Cál era a sensazón visual de Bloom?
Vía n-unha graciosa, moza forma familiar a
predestinación d'un porvir.

**

Cales eran en Bloom e Stephen as coasque-simultáneas volcionás coasque-sensazós das pechadas identidás?

Visualmente, de Stephen: a tradicional figura de hypostasis, pintada por Xohan Damascenus, Lentulus Romanus e Epiphanius Monachus coma leucodérmica sesquipedaliá, con cabelo de viño mouro.

Auditivamente, de Bloom: o acento Tradicional do éstase da catástrofe.

**

Qué contrariás arelas foron por un e polo outro propostas, aceptadas, trasformadas, desprezadas, postas n-outros fermos, reaceptadas, reitificadas, voltas a confirmare?

O comienzo d'un curso d'istrución italiana, lugar: a residencia do istrutor. O comienzo d'un curso d'istrución vocal, lugar: a residencia da istrutriz. O comienzo d'unha serie de diálogos estátecos e peripatéticos, lugar: as residencias dos faladores (supondo que viviran xuntos) *Ship*, hotel e taberna, 6 rua Lower Abbey (W. e E. Connery, propietarios) a Librería Nacional d'Irlanda, 10 rua Kildare, o Hospital Nacional de Maternidade, 29, 30 e 31 rua Holles,

en xardín plácito, a veciñanza d'un lugar de culto, a conxunción de duas ou más pasaxes públicas, o punto de biselación d'unha liña recta, tirada entre dúas residencias (supondo viviren os dialogantes en diferentes silos).

**

Qué couses facían probremática pra Bloom a realización d'aquelhas proposicións mutuas e procomunadas?

A irreparabilidade do pasado: unha vez n-unha función de circo na Rotunda, Rutland Square, Dublin, un clown médeo coorado e intuitivo, choulou da área ó público en protura de paternidade; atopando a Bloom, ali sentado e isolado, o clown declarou dante da xente tolleita de risa qu'il (Bloom) era o papá (do clown). A imprevisibilidade do porvir: en certa ocasión no vran de 1898, il (Bloom) tiña sinalado un florin (21) con tres siñas no canto e diuno en pagas d'unha conta debida e recibida por J. e F. Davy, tendeiro pra familias, 1, Parque de Charlemont, no Gran Canal pra que circulara riba das augas de finanza civil pra posibre retorno, xa direito, xa circular.

**

Era o clown fillo de Bloom?
Non.

**

Voltou a peza o Bloom?
Endexamais.

**

Porqué lle deron tanta pena estas frustracións?
Porque no crítico exixía da humán existencia, il desexaba millorar algunas condicións sociás, o resultado da desigualdade e animosidade internazional.

**

Il pensaba que afastadas aquelas condicións sería a vida humán infindamente millorable?

Tínan quedado condicións impostas poloa natureza tan diferentes da lei humán coma integráis componentes do todo humán; a necesidade de destruir pra se manter; o penoso xeito das derradeiras funcións da existencia isolada; a dor da nacencia e da morte; a constante e

repetida comenencia (menstruación) da femia simia e (mais especialmente) humana estesa dende a pubertade deic'o retiro da regra; os casos inevitables na mar, nas minas, nas xuntanzas dos gremios; certas terribres doenzas i-as operacíos quirúrxicas que xurden d'elas; o lunálismo conxénito e a criminalidá nativa, pademias esgotadoras; cataclismos catastróficos que dan medo ó cimento da mentalidade humán; tremores de terra que localizan os seus epicentros nas zonas mais poboadas; o feito do crescimento vital ó longo das convulsíos dos cámbeos, dende a infancia, pol-a madureza deic'a decadenza.

* * *

Por qué s'affastou da especulación?

Por ser un gosto pr'a intelixencia superior o trocar outros fenómenos mais aceitabres en lugar de remoer os fenómenos menos aceitabres.

* * *

Tomou parte Stephen no seu afastamento?

Il afirmaba a sua sinificación com'un coscente animal racional, indo siloxistecamente do coñecido ó descoñecido, e un coscente reaxente racional antr'un micro e un macrocosmos inelutabreme afirmado sobr'a incerteza do valeiro.

* * *

Tiña parte Bloom n'esta afirmanza?

Non verbalmente. Sustancialmente.

* * *

Qué cousa lle daba alento na sua incompreta adesión?

Qué coma un cidadán competente sen charve procedera enerxicamente do descoñecido ó coñecido a través da incerteza do valeiro.

* * *

Ademitía (Bloom) com'un artigo de fé a influenza dos astros nos deseños sobluuares?

Parecialle tan posibre de probar coma de confutar e a nomenclatura empregada nas cartas selenográficas tan propia d'intuición demonstrare coma d'anæoxia mintireira: o lago dos soños, a mar das chuvias, o golfo do orballo, o océano da fecondidade.

* * *

Qué afinidades particulares había, asegún il antr'a lúa e mais a muller?

A sua antigüidade nas pasadas e nas presentes xeraciós telúricas; a sua predominanza na noite; a sua dependencia de satélite; a sua refleusión de lús; a sua constanza baixo todas as fases; a obrigada irvariabilidade do seu aspeuto; a sua resposta indeterminada diante das interrogacíos non afirmativas; o seu poder sobre as augas elloentes e refloentes; o seu poder para namoriscar, mortificar, dar beleza, dar loucura, inclinar i-axudar á delincoenzo; a franquía inescrutabilidade da sua face; o terrible da sua isolada, dominante, impracticable, esprandecente veciñanza; os seus pronósticos de trebada e bó tempo; a estimulación da sua lús; o seu movemento, a sua presenza; o sermón dos seus críteros, os seus enxoitos mares, o seu silencio; o seu splendor (cando visible), a sua alianza (cando invisible).

* * *

Foran indefindamente ociosos?

Por suxestión de Stephen e istigación de Bloom, os dous, primeiro Bloom, logo Stephen, mexaron na escuridade, un a carón do outro, os seus órganos de mexemento reciprocamente invisibles pol-a circunposición da mao, os seus ollares, primeiro o de Bloom, logo o de Stephen, erguéndose á proieulada semilumiosa sombra.

* * *

Similarmente?

As trayectorias das suas mexendas primeiro seguidas, logo ó tempo foron desemellantes: a de Bloom mais longa, menos floente, na incompreta figura da letra bifurcada ante-derradeira do alfabeto que no seu derradeiro ano na Escola Superior (1880) fora capés d'abranguer contra toda a força inteira concurrente da Istitution, 210 alumnos; a de Stephen mais outa, mais asublante, que nas derradeiras horas do día anterior fora aumentada por diurética concusión en forte presión vesical.

* * *

O derradeiro adiós foi impresionante por certo. Dos campanarios lonxanos e imediatos

chegaba sen acougo o batelar funerario, namenras iod'arredor o sombrizo hourizonte ecoaba co zunido de cen cobertos tambores ponteados pol-o oco estrondo das pezas d'ordenanza. Os abouxantes tronos e serpentinos lustrigos locindo ás vegadas en col da pantasmais escéa, testemuñaban com'a artilleria do ceo mandaba a sua pompa super natural sobr'o impresionate espetáculo. Unha chuvia carosal caeu das vaporosas portas do esquivo ceo sobr'es nuas testas d'unha moitidume en número, asegún a mais baixa computación de cinco centas mil persoas. Unha armada da Policia Metropolitana de Dublin dirixida pol-o Comisionado Xefe en persoa, mantiña orde na basta xuntanza pr'a que os cobres e chirimías da banda de York Street de tempo en tempo executaban maxisinalmente nos enloitados instrumentos as febles melodias dirixidas a nós dend'a infancia pol-a quelxosa musa de Sperranza. Trés lxeiros pr'a escursión e outos ómnibus tiñan sido displos pr'a comodidade dos nosos curmaus da aldeia dos que había fartos continxentes. Considerabres divertimentos oferianse polos favoritos trovadores das rues de Dublin L-a-h-n e M-l-l-g-n, que cantaban *The night before Larry was stretched* co seu adoitado aire provocando a malenconía. Os nosos dous inimitables payasos fixeron un barullante comercio co-as suas *anchas sábanas* antr'os amadores do elemento cómico e ninguén que teña un recanto no corazón pr'o real espetáculo irlandés lle darian lástima os carlos gasteños. Os nenos do Hospital de Homes e Mulleres acuñados nas fiestras estaban encantados d'iste divertimento engadido ós seus diarios enredos, i-unha verba de gabanza débese ás irmás dos Probes pol-a festa istrutiva que forneceron ós nenos sen pais nin nais. O cortexo vicreal no que había algunas ben coñecidas donas, presidido pol-as suas Escelenzas estaba n-unha grande tribunia, e n-outra, por frente, a Delegación Estrenxeira coñecida por Os Amigos da Illa de Esmeralda. A Delegación, presente en prena forza, consistía no Commandatore Bacibaci Beninobenone (o medio tolleito dayando partido que tiñan que erguerlle o asento co-a cheda d'unha poderosa grua a vapor), Monsieur Pierrepaul Petitepalant, o Grandjoker Vladimire Pokethankertschiff, o Archjoker

NÓS

Leopold Rudolph von Schwanzenbad - Hodenthaler, Condesa Marha Viraga Kisaszony Putráspsihi, Hirem I. Bomboost, Conde Athanatos Karamelo pulos, Ali Baba Bascksheesh Rahat Sokum Effendi, Señor Hidalgo Caballero Don Pecadillo y Palabras y Paternoster de la Malora de la Malaria, Hokopoko Harakiri, Hi Hung Chang, Olaf Kobberkeddelsen, Mynheer Trik van Trumps, Pan Poleaxe Paddyriskysky, Goosepond Prhkistr Kratchinabritchislich, Herr - Hurhausdirektorpresident Hans Chnechli Steuerli, Nationalgymnasiummuseumsanatoriumandsuspensoriumsordinartyprivatdonzengeneralhistoryspecialprofessordocitor Kriegfried Ueberallgemein. Todol-os delegados sen excepción espresaban nos mais fortes termos heteroxéneos sobr'a barbaridade sen nome a que foran chamados coma testigos. Unha altercación animada (na que todos falaron) seguiuse antr'o J. O. E. I. sobre si a data precisa da morte do Santo Patrón d'Irlanda é o oito ou o nove de Marzo. No desenrolo do debate, balas de cañón, cimitarras, boomerangs, trabucos, aparellos de fumigación, coitelos da carne; pariaugas, catapultas, sacos d'area, anacos de pauferros fixeron aparición e cambiaron libremente toda caste de proiectis. O pueril policia, Constable Mac Fadden, avisado por correo especial de Booterstown, puxo agudamente todo en orde e con lumiosa presa propuxo o dia 7 do mes coma solución honrable pr'os partidos en loita. Foi aceitada por unanimidade. Constable Mac Fadden recibiu as ardentes emboras de todo o J. O. T. E. I. O Commandatore Beninobenone tendo sido tirado de debaixo da cadeira presidencial, manifestou o seu legal conselleiro Avvocato Pagamimi que as varias miudezas gardadas nas suas trinta e sels alxibeiras, foran recollidas por il cendo a pelexa, dos bolsos dos seus colegas mais novos co-a esperanza de volverllas o sentido. Os ouxelos (mos que se contaban algúns centos de relós d'ouro e prata de donas e cabaleiros) foron aixíña restituidos ós seus lexitemos donos, e reinou unha xeral armunia.

Agusto rubiu Rumbold ó cadalso en elegante traxe de mañá e levando a sua fror favorita, o *Gladiolus cruentus*. Anunciou a sua presenza por aquela los rumboldiana tan xenil e que moltos (sen conseguilo) quixerón imitar. A

chegada do renomado xeñe foi saludada por un trono de berros da disforme moitedume, as donas vicerales axiaron seus panos ó tempo qu'os mais escitabres delegados estranxeiros armaban unha misturanza de berros: *hoch, banzal, eljen, zivio, chindin, pollo Vironia, hiphip, vive, Allah*, aní's os qu'o soante *erriva* do delegado da terra do cento (unha oula dobré F. lembrando aquelas penetrantes e feticeras notashcasquales o eunuco Catalani es nosas tatarafareboas) era épenas ouvido. Eran precisamente es oito. O sinal d'orazón foi dada por megaphono e de súpito todal-as testas quedaron núas, sendo removido pol-o conseileiro médeco do cortexo Dr. Pippi o chapéu patriarcal do comendador qu'estaba en posesión da familia dend'a revolución de Rienzi. O sabio perlado que ministrou as derradeiras axudas da santa relixión ó mártir preto da morte, axoellouse co mais cristiano espírito n'unha charquela d'auga de chulva, coberta coa sofaña a branca testa lergueu ferventes oracions ó Altisemo. Esgrevia, a carón do outo fallo, estaba a terribre figura do verdugo ca testa metida n'unha ole de 10 gelós con dous burallos redondos por onde uns ollos miraban furiosamente. Agardando o sinal fatal, verificaba o fio da sua horrible arma asentánda no seu amorenado antebraco, ou decapiteba aixiña un tras outro unha grea de carneiros fornecidos polos admiradores do seu cruel mais necesario oficio. Preto, riba d'unha fermosa mesa de caoba, estaban lindamente dispostos, o coitelo pra escuarlizar, as ferramentas de diferentes templos (especialmente fornecidos pol-o traballante de Sheffield Mr. John Round and Son, zona do mundo inteiro) pra extraer as entrañas, unha tarteira de terracota pra recepción do duodeno, colon, cego, apéndice, etc. cando foren sucesivamente tirados e duas cómodas xerras do leite pr'o sangue da preciosísima vítima. O camareiro da casa amalgamada de cas e gatos agardaba pra lever istas vasixas

cheas á benéfica institución. Unha fina comida composta de tortixas, ovos, talladas fritidas e cebolas deliciosas e quentes bolos d'almorzo e té vigorizador, fora disposta pol-as autoridades pr'o consumo da figura central da traxedia, a qué, erguéndose c'unha ebriegación rara n-istes tempos espresou seu desexo derradeiro (que foi aixiña ademillido) de que mandaran os pratos por partes igoás ós membros das asociacións protectoras de doentes e indixentes como proba d'outa estimanza. O *nec e non plus ultra* da emoción abrangueronse cando a sinxela noiva rompendo por aní's pretos fias da xente, botouse no peito muscular do qu'estaba a piques de qu'o botaran na eternidade pr'a sua satisfacción. O héroe lucrindo a sua figura en apetit d'amor marmuloso: *Sheila, my own*. Logo animado pol-o uso do nome cristiano beixou apaixonadamente todal-as áreas da sua persoa que a decencia permitía precurar con ardor. Ela dixo misturando as verbas c'un río de bágoas qu'endexamais s'esquecería do héroe que viña á morte cantando coma se fose pra un ledo macht no parque de Clonturk. Lembrou cando eran nenos, os pasatempos dos dous nos bancos de Anna Sifley con tal forza que riron xuntos, e todolos espetadores, incluso o pastor, xuntáronse n'unha alegria xeral. Mais logo todos vereron ríos de bágoas polos condutos lacrimaes, sendo o vello pastor dos mais emocionados. Homes grandes coma bois, oficiais de paz e xigantes da real *constabulary* d'Irlenda fixeron uso dos seus panos, i-é satisfactorio dicir que non houbo olllo enxoito. Foi un caso mais romántico; cando un fermoso rapaz graduado en Oxford, sonado pol-as suas fazehas cabaleirescas en col do belo sexo, edianándose presentou a sua tarxeta, o seu libro de cheques i-arbre xenealóxico, solicitando a mau da abandoada rapaza, pidindolle que dixerá data e sendo imediatamente aceptado.



ARCHIVO FILOLOGICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA

ETNOGRAFÍA

A SEMANA SANTA EN OIMBRA

Miércoles Santo. — Pra facel-o momento dividese a xente en dous bandos e forman unha terceira: cos do Rosal (anexo da parroquia). Fano c'unha grade que hai pra eso na eirexa coberta con columnas brancas e no centro unha de coor, caxeque sempre bermeilla. Esta grade súbena con catro roldanas delas o retablo, e dos lados penduran sáboas ata o chao. Debaixo d'esto e coincidindo co-a mesa do altar, forman un escadoulo cuberto tamén con sáboas, e polien por ela arriba duas ringlas de santos, e no primeiro peldaño, unha imaxe de Xesús pr'a adoración da Cruz.

Xueves Santo. — Á mañá hai a misa con procesión por adentro da eirexa, e cando a procesión pasa por frente á porta principal, no instante de chegar a ela o Santísmo, abren a porta con estrondo uns guardas que lle dan escolta namenra dura a procesión.

Os guardas van vestidos c'un pano ou mantón de crespon, millor si fose dos de Manila, botado c'unha punta sobr'a testa, de xelio qu'o fleco lle tape a face pra que non os conozan, e suxeito co chapeu adubado con froles artificiais e anodeado d'unha gran fita de seda, das mais vistosas coores; unha lanza c'unha relia e o pau cuberto de fitas de seda de varias coores, presas nos cabos con lazadas do mesmo, de xelio que somentes a lanza e a relia quedan descubertas, e un sable desenvainado forman o seu armamento. Por cerio qu'iste ano derradeiro, os gardas levaron traxes de crudillo casafato por haber xa por eiqui ben poucos panos de crespon.

Aí que rematou a misa, os guardas en duas fies dan custodia á imaxe de Xesús qu'está no momento e sirve pr'a adoración da Cruz. Aíndan siguen eli firmes todo o serán, sen rebullir e co-a obriga de rezar 40 credos, namenral-a xente fai as cruces, na eirexa. Siguen no seu posto namenral-o oficio das tréboas, e non permiten que ningúen chegue ond'o momento, agás os penitentes e os que han levar a Cruz. Cando apagan a derradeira luz do candieiro litúrxico, en lugar de corracas e trécolas, os guardas batén co-as puntas das relias no enlousado, metendo un ruldo infernal e sacando grandes moxenas na pedra, namenral-a xente berra e asubia, volven as luces e sal a procesión pol-o orde seguinte:

Van os penitentes en ringla, e atrás d'elles tres homes nun frente co-a cruz, as escadas e os fusiles, custodiados pol-os guardas.

Os penitentes levan un pano *coor de rosa* atado ó pescoco, por duas puntas e abaixo pol-o tercio superior do muslo; o calzoncillo remangado afó punto do pano, descalzos e a testa coberta c'un chapeu ancho tapado c'un pano de seda de xelio qu'as puntas lle tapen a face pra que non os conozan, e van de xionlllos, ou a gatas toda a procesión. Os que levan a cruz van c'unha enaguado de muller atada á cintura c'un sedeño que da 10 ou 12 voltas, e o resto do corpo en coiro e descalzos, e na testa unha coroa d'espiñas e un trapo tapando a face. Un leva a cruz en que han cravar pr'o outro dia ó Nazareno; outro as escadas do desencravo e o outro representa o Bon Ladrón. Os fusiles son duas escopetas atadas unha á outra pol-os canos e postos nos hombreiros ispidos do home, que leva os brazos atados ás culatas. Co-a volta da procesión á eirexa remata a función do xueves.

Viernes Santo. — Os guardas van de lollo: chapeu negro se i adubio, pano de merino negro, lanza con fitas moiras. Asisten á meia misa e ó alzar, pôñense xionlllo en terra e tiran co sable, e quedan esina ata consumir, y-en-tón foxen correndo d'a eirexa.

As nove da mañá, é o Encontro: Diante da reitoral poñen un púlpito. Sal o Ecce-Homo nunha anda e un xudio c'unha gran moca na mou. Levan a anda catro mozos con gorros de feitira cónica e fumando cigarros puros. Detrás van tres rapazas novas vestidas con traxes de mahon, chorando (as tres fillas de Sion), e diante e por outros sitios ocultos douis homes cos mesmos traxes das fillas de Sion tapadas testa e face con gorros cónicos, un tocando unha bocina (pró que empregan o tubo d'unha máquina d'encher chourizos) e outro un tambor; os guardas protexen os da procesión e manteñen o orde. O demais é coma n-outros lados. As imaxes son de certo valor, e teñen brazos e testa articuladas que fan varios movementos que conmoven á xente, qu'en canto ven mover a San Xoán ou abrillan os brazos á Virxe, chorán con gran desconsol.

O serán fan o Desencravo na eirexa, e os guardas van na procesión do Santo Enterro ond'a urnia, que se deixá na capela do Pilar, qu'está arredada da eirexa.

Os guardas e os penitentes son ofrecidos que van pra purgalos seus pecados.

PEDRO GONZALEZ PRADA

Oimbra Maio 1925.

OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS



OS MEMBROS DO SEMINARIO DE ESTUDOS NA SUA PRIMEIRA XUNTANZA XERAL

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

O rematare o terceiro ano de laboura o Seminario de Estudos Galegos mandounos un avance do seu anuario que saíra axiña. NÓS que ven adicando, n-esta segunda xela, a meirande atenzón ó xurdio xuntoiro compostelán quixera poñere eiqui a mais cumprida gabeira dél mais diante d'estes listeiros de nomes e traballos folgan os alaudos. Nós que coidamos que o Seminario ven ca chegada dos tempos a enroitaren as actividáis da nosa mocedade polos canles austeiros da disciplina poñeremos eiqui somentes, como un saúco afervoado, as verbas con que o Castelao azou ó fato de rapaces que xuntos na casa do Castro de Ortoño, sementaron a nabiña do que hoxe é dourada barda na seitura, repetindo as espranzas mesiánicas do Profeta.

— Os que andaban en terra de trebas ollaron en vos gran lus...

Estado do S. de E. G. ó rematare o seu terceiro curso

COMISIÓN DIREITORA

Presidente. — Dr. Salvador Cabeza de León.

Censor. — Xosé Filgueira Valverde.

Segredario. — Lois Tobío Fernández.

DIRETORES DAS SEIZÓNS

Cencias naturaes. — Dr. Luis Iglesias.

Catalogazón Iconográfica. — Constantino Can-deira.

Antropometria. — Dr. Alejandro R. Cadarso.
Dr. P. Isaac Rovira Carreró.

Xeoquímica. — Dr. Parga Pondal.

SEIZÓN DE BIBLIOGRAFÍA

Ramón Martínez López.

SEIZÓN DE INFORMAZÓNS

X. Manoel Magariños Negreira.
Xullo Cordal Carus.

Socios Fundadores

Armando Cotarelo Valledor, Fermín Bouza Brei, Lois Tobío Fernández, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Martínez López, X. Manoel Magariños Negreira, Xosé Pena e Pena, Francisco Romero Lema, Wenceslao Requeijo Buet, Alberte Vidán Freiría, V. Requeijo Cambeses.

Socios asesores

Mestres Drs.

Armando Cotarelo e Valledor, primeiro presidente; † Manoel Lago e González, presidente de honor; Salvador Cabeza de León, presidente; actual: Lois Iglesias, director da Seizón de Ciencias Naturás.

Socios de número por orde de ingreso

1. Armando Cotarelo Valledor; 2. Xosé Filgueira Valverde; 3. Ramón Martínez López; 4. X. Manuel Magariños Negreira; 5. Lois Tobío Fernández; 6. Xosé Pena e Pena; 7. Salvador Cabeza de León; 8. Xulio Balboa López; 9. Xoaquín Xil Armada; 10. Xavier Pardo Bedía; 11. Lois Iglesias; 12. Lois Peixoo Sánchez; 13. Lois Santaló e Rodríguez de Vignuri; 14. Urbano Lousada; 15. Victoriano Taibo; 16. Eduardo Lence Santar e Guitián; 17. Salustiano Portela Pazos; 18. Pierre Le Devin; 19. Fr. Samuel Eixán; 20. Mariano Tito Vázquez; 21. Francisco Asorey; 22. Camilo Díaz Baliño; 23. Lois Catá.

Socios correspondentes por orde de ingreso (I)

Xosé María de la Fuente Bermúdez, * Manoel Banet e Díaz Varela, Vicente Risco, Fermín Bouza Brei, * Fermín López Cuevillas, Alfonso Rodríguez Castelao, Ángel del Castillo López, Manuel Lugrís Freire, Antonio Lousada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo, Xohan Rof Carballo, * Leandro Carré Alvarado, Gonzalo López Abente, Ramón Cabanillas, Antón Noriega Varela, Xoaquín Alas Sanxurxo, Xoaquín Lourenzo, Antón Magariños Granda, Anxel Romero Cerdeirinha, Alfonso Herbella Courel, Lois Ksado, Xohán M. Sáenz Mon, Xosé Novás.

Socios aspirantes por orde de presentación

N. Requeijo Cambeses, fundador; Wenceslao Requeijo Buet, fundador; Alberte Vidán Freiría, fundador; Xohan Pérez Millán, 27 Outono

(I) Os señalados co * pasaron a socios correspondentes por exercer ausentes de Comisión.

1923; Fr. Manuel Bandín Hermo, 27 Outono 1923; Carmen Sierra Domínguez, 10 Santos 1923; Manoel Banet Fontenla, 10 Santos 1923; Manoel Taboada Roca, 16 Santos 1923; Antonio Taboada Roca, 16 Santos 1923; Xoaquín Fontes, 11 Outono 1924; Antón Vilar Ponte, 11 Outono 1924; Luisa Cuesta Gutiérrez, 18 Outono 1924; Constantino Candeira Pérez, 25 Outono 1924; Xullo Cordal Carus, 25 Outono 1924; Valeriano Villanueva, 25 Outono 1924; Antonio Villanueva de Castro, 25 Outono 1924; Feliciano Rolán Vicente, 25 Outono 1924; Fr. Atanasio López, 29 Outono 1925; Enrique Ramos Fernández, 7 Santos 1925; Xosé María Castroviejo e Blanco Cicerón, 7 Santos 1925; Secundino Lugris González, 7 Outono 1925; Celestino Noya González, 7 Outono 1925; Pedro Isaac Rovira Carreró, 14 Outono 1925; Pedro Varela País, 21 Outono 1925; Xosé Inacio Poch e Gutiérrez de Caviedes, 21 Outono 1925; Evaristo Correa Calderón, 28 Outono 1925; Felipe Fernández Armesto, 5 Nadal 1925; Isidro Parga Pondal, 5 Nadal 1925; Alexandre Rodríguez Cadarso, 5 Nadal 1925; Manoel Portela Valladares, 16 Xaneiro 1926; Robustiano Sandes Otero, 20 Febreiro 1926; Manoel Silva Ferreiro, 6 Marzo 1926; Lois Bouza Brei, 1 Maio 1926; Casto Sampedro e Folgar, 1 Maio 1926; Xohan Lois López, 1 Maio 1926; Manoel Puente Castro, Pedro Boo Pita, 10 San Xohan.

Socios de nomeamento non comunicado ainda

Mestres Drs. Frankowski e Phileas Lebesgue.

TRABALLOS PRESENTADOS

Armando Cotarelo Valledor

1923-1924

Ingreso. - → El convento de San Francisco de Cambados., 27 Outono.

Trabajo anual. - → «Elia Flaccilla Augusta», 1 Nadal.

Comunicazóns. - → «Homenaje poético en 1877...», 19 Xaneiro; «La juventud del P. Félix», 23 Febreiro; «Un gallego en La Florida», 5 Abril; «Hostia», pantomía trágico-histórica, Mayo.

1924-1925

Trabajo anual. - → «Un villancico galego», 4 Outono.

Comunicazón. - → «Un romance galego», 15 Santos.

1925-1926

Trabajo anual. - → «Un arcebispo galego desconocido», 30 Xaneiro.

Xosé Filgueira Valverde

1923-1924

Ingreso. - → «Fiestas compostelanas en honor de S. Díaz V. 3 Santos.

Traballo anual. — Nuevos documentos para la historia del patronato Jacobeo., 2 Febreiro.

Comunicazóns. — «Narraciones de la peregrinación a Santiago», 15 Marzo; «Ceremonial de entrada de los Arzobispós compostelanos», 5 Abril.

1924-1925

Traballo anual. — «A eirexa románica de San Mamede de Moldes», 4 Outono.

Comunicazóns. — «O teatro en Santiago nos escomenzos do século XIX», 25 Outono; «A lenda do paxaro da Armenteira», primeira conferenza, 24 Santos; «Os nenos», 14 Febreiro; «A sage d'el Rei Branx», 18 Abril; «A festa dos meios na Galiza», 30 Abril.

1924-1925

Traballo anual. — «A paisaxe no Canzoiro de Vaticana», 28 Outono; «Alendada Armenteira», segunda conferenza, 5 Nadal; «O Vigairo», 27 Febreiro; «Os soños de Alain», 17 Abril.

Ramón Martínez López

1925-1926

Ingreso. — «Una carta de la Emperatriz Isabel el concejo de Santiago sobre la victoria de Túnez», 10 Santos.

1925-1926

Traballo anual. — «La industria de la salazón en Galicia», 20 Outono.

Comunicazón. — «Linha nota bibliográfica», 6 Febreiro.

Manuel Magariños Negreira

1925-1926

Ingreso. — «A Regueifa», 16 Santos.

Lois Tobío Fernández

1925-1926

Ingreso. — «Unas monedas castellanas halladas en el Valadouro», 25 Santos.

Traballo anual. — «O testamento de Froitoso de Ulloa», 22 Marzo.

1924-1925

Traballo anual. — «Proclamación de Felipe II en Viveiro», 11 Outono.

Comunicazóns. — «Sobre el Colegio Seminario de Viveiro», 8 Santos.

1925-1926

Traballo anual. — «A eirexa románica de Santa María de Viveiro», 16 Xaneiro.

Comunicazóns. — «Viveiro no século XVI», 17 Abril.

Xosé María de la Fuente Bermúdez

1925-1926

Ingreso. — «A socioloxía de Follas Novas», 12 Xaneiro.

Manuel Banet Díaz Varela

1923-1924

Ingreso. — «A nova organización de Galiza na futura división nazonal», 25 Xaneiro.

Xosé Pena e Pena

1923-1924

Ingreso. — «El Puente de Vidán», 9 Febreiro.

Vicente Risco

1923-1924

Ingreso. — «O Castro de Caldelas», 16 Febreiro.

1924-1925

Traballo anual. — «O bufón d'el Rei», 24 Xaneiro.

Comunicazóns. — «Preito dos veciños de Caldelas co Conde de Lemos», 21 Febreiro.

1925-1926

Traballo anual. — «Ensaios de un catálogo da lingua galega», 30 Xaneiro.

Comunicazóns. — «Discurso necrolóxico de C. Michaelis», 14 Marzo.

Fermín Bouza Brei

1923-1924

Ingreso. — «En col do arte rural galego eunha das suas manifestazóns», 5 Abril.

1924-1925

Traballo anual. — «Necesidade de unha revisión das obras de Pondal e novos datos pra a sua biografía», 16 Santos.

1925-1926

Traballo anual. — «Notas de prehistoria galega», 21 Santos.

Florentino López Cuevillas

1923-1924

Ingreso. — «A edade do ferro na Galiza», 18 Abril.

1924-1925

Traballo anual. — «As mámoas do Concello de Lobeira», 25 Outono.

Comunicazóns. — «Ensaios de catalogación dos castros galegos», 7 Febreiro.

1925-1926

Traballo anual. — «Varias papeletas para a catalogación dos castros galegos», 5 Nadal.

Alfonso Rodríguez Castelao

1923-1924

Ingreso. — «O novo espírito».

1924-1925

Traballo anual. — «Cousas», 16 Maio.

1925-1926

Traballo anual. — «Desenhos pra vestiren dous monecos os traxes da bisbarra de Santiago con destíño ó Museo Etnográfico», 1 Maio.

- Manoel Lago e González*
- 1923-1924
Ingreso. - Discurso de aertura da Exposición Castelao*, 4 Maio.
- 1924-1925
 † *Temos de unirnos pra defendere á Galiza.*, 18 Marzal.
- Salvador Cabeza de León*
- 1923-1924
Ingreso. - «Un episodio de la vida académica de Fontán», 6 Maio.
- 1925-1926
Traballo anual. - «Festejos de la Universidad Compostelana por el nacimiento del Rey Luis I», 9 Outono.
Comunicazóns. - «Os Galegos no teatro castelán», 24 Santos; «Discurso na sesión necrolóxica de C. Michaelis» 14 Marzal.
- Anxel del Castillo López*
- 1923-1924
Ingreso. - «Munio Peláez», 10 Marzal.
- 1924-1925
Traballo anual. - «A eirexa de Cambre», 6 Nadal.
- 1925-1926
Traballo anual. - «La fecha de la Catedral Compostelana», 9 Maio.
Conferencia. - «La riqueza artística y arqueológica de Galicia», 8 Maio.
- Antonio Lousada Diéguez*
- 1923-1924
Ingreso. - «A prosa galega», 12 Maio.
- Xavier Pardo Bedia*
- 1924-1925
Ingreso. - «Marina Andrade», 18 Outono.
- 1925-1926
Traballo anual. - «As leendas da morte na Baixa Bretaña», trad. de A. de Braz, c'un estudo limiar, 28 Santos.
- Ramón Otero Pedrayo*
- 1924-1925
Ingreso. - «Síntesis Xeográfica de Galicia», 10 Xaneiro.
- Traballo anual.* - «Pantelas, home libre», 28 Febreiro.
- 1925-1926
Traballo anual. - «Discurso na sesión necrolóxica de C. Michaelis», 4 Marzal.
- Xulio Balboa López*
- 1924-1925
Ingreso. - «Muxia e o Santuario da Barca», 17 Xaneiro.
- Manoel Lugrís Freire*
- 1923-1924
Ingreso. - «Unha conversa en col de Pondal», 8 Maio.
- 1925-1926
Traballo anual. - «Routono», poesías c'unhas verbas limiares sóbor da lingua galega, 11 Abril.
- Xoaquín Xil Armada*
- 1924-1925
Ingreso. - «Os probes da Catedral» escultura, 25 Abril.
- Xohan Rof Carballo*
- 1924-1925
Ingreso. - «Bioloxía e Espírito», 8 Maio.
- Leandro Carré Alvarellos*
- 1925-1926
Ingreso. - «O engano», drama, 7 Santos.
- Loís Iglesias*
- 1925-1926
Ingreso. - «Aves de Galicia», 22 Xaneiro.
- Luis Feixón*
- 1925-1926
Ingreso. - «Escolma de contos galegos do pobo», 6 Febreiro.
- Xosé S. Santaló e Rodríguez de Viguri*
- 1925-1926
Ingreso. - «Don José Rodríguez Seoane: Su vida y su obra», 20 Febreiro.
- Augusto María Casas*
- 1925-1926
Ingreso. - «Festa no ceo e na terra», 27 Febreiro.
- Urbano Lousada*
- 1925-1926
Ingreso. - «Superstición, súxestión e medición», 6 Marzal.
- Gonzalo López Abente*
- 1925-1926
Ingreso. - «Poesías», 14 Marzal.
- Ramón Cabanillas*
- Ingreso.* - «Na noite estrelada», 14 Marzal.
- Antón Noriega Varela*
- 1925-1926
Ingreso. - «Poesías», 14 Marzal.
- Victoriano Taibo*
- 1925-1926
Ingreso. - «Poesías», 14 Marzal.
- Xoaquín Arias Sanxurxo*
- 1925-1926
Ingreso. - «Colleita de ouxetos pra serviren de base a un Museo Etnográfico», 14 Marzal.

	<i>Eduardo Lence Santar y Guitián</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «La Santa Hermandad», 24 Abril.
	<i>Salustiano Portela Pazos</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «Las hermandades gallegas en el siglo XV», 30 Abril
	<i>Xoaquín Lourenzo</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «O carro galego», 1 Maio.
	<i>Antonio Magariños Granda</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «Acougos», poemas, 1 Maio.
	<i>Pierre Ledevin</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «L'âme bretonne», 12 Maio.
	<i>Fr. Samuel Eixán</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «El franciscanismo literario en Galicia», 22 Maio.
	<i>Anxel Romero Cerdeiriña</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «Unhas notas sobre o rupestre na bisbarra de Ourense», San Xoán.
	<i>Alfonso Herbella Courel</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «Colleita de romances galegos», 10 San Xoán.
	<i>Mariano Tito Vázquez</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «Sono», Oleo, 10 San Xoán.
	<i>Lois Ksado</i>
1825-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «Aportación fotográfica á Catalogación de moimentos», 10 San Xoán.
	<i>Francisco Asorey</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «O Códice Compostelán», escultura, 10 San Xoán.
	<i>Camilo Díaz Baliño</i>
1925-1926	
	<i>Ingreso.</i> - «Ara-Gael», grabado, 10 San Xoán.

LIBROS

P. BOSCH GIMPERA - LA MIGRATION DES TYPES HISPANIQUES A L'É-NEOLITHIQUE ET AU DÉBUT DE L'ÂGE DU BRONZE, separata da *Revue Archéologique*, Paris 1925. Editions Ernest Leroux (con catálogo).

DESBOTANDO toda idea relativa a grandes invasões e cinguiñándose a hipótesis de peque-

nos desprazamentos de povos e mais ainda a pacíficas e vagorosas relações comerciais, estuda o ilustre professor de Barcelona o inzamento cara o N. (Francia) e cara o L. (Italia, Cerdeña e Sicilia) de diferentes tipos propios do neolítico peninsular e dos primeiros tempos do bronze.

Dous son para Bosch, os principais axentes de iste inzamento; a cultura pirenaica, por cuio intermedio pasa o vaso campaniforme o Rhin e mais Alemaña e o val do Danubio e mais tarde ca invasión dos braquicefálos do rounds - barrows, a Inglaterra, e a civilización megalítica lusitano-galaica que infiuie considerablemente no circulo armoricano e das illas Británicas.

Pasado iste período de preponderancia peninsular e xa na plena Idade do Bronce o centro da civilización parece trasladarse o N. da Europa (Alemaña, Scandinavia) e oval do Danubio, cousa que ven espriar o esmorecemento, observado nos nosos inventarios da época devandita e a falla n-iles dos tipos intermedios da evolución dos machados.

Semellante decadencia non remata se non nos fin do Bronce, nos que se comproba un forte rexurdimento que ten por teatro principal a Andalucía e que sen dúvida é debido a precaria do estadio peninsular polos pobos da vila mar Mediterránea.

E inútil facer notar o intérés que para Galiza encerra iste traballo que ven por ó dia e de un xeito sistemático dous dos problemas más importantes da nosa prehistoria; o das nosas relacións co circulo armoricano-irlandés e cos países do Mediterráneo, problemas que de cote teñen preocupado os investigadores rexionás.

En colo do método, do xeito de exposición e da bibliografía, non hai ren que falar, pois de abondo son coñecidos o prestixio e maior autoridade que pola sua sabenza e polo seu talento goza o profesor Bosch en toda a Europa.

F. L. C.

JULIÁ PERICOT Y GARCÍA - LA CIVILIZACIÓN MEGLITICA CATALANA Y LA CULTURA PIRENAICA. Publicazóns da Universidade de Barcelona, Barcelona, 1925, (con 40 figuras e 17 láminas o fin do texto.)

VELAIQUI un libro de prehistoria modelo acabado e perfeito de método, de exposición e de claridad.

Divide o Dr. Pericot a súa laboura en duas partes, adicada a primeira á civilización megalítica catalana e a segunda ás restantes zonas pirenaicas e as conclusións.

Os dous asuntos están tratados maxistralmente e con orde admirável e ilustrados a farfuría con reproducións de sepulturas e de material.

Xurde nidiamente amosada n-este libro a personalidade da cultura pirenaica que o autor

caráteriza pol-a zona xeográfica que ocupan os seus megalitos e pol-a espezal modalidade que imprime os elementos alleeiros.

Non queremos rematar istas liñas sen espre sar o noso degorante desejo de ollar incorpo rado o Dr. Pericot, oxe catedrático da Faculta de Filosofía e Letras de Compostela, a tarefa de investigación das nosas antigüidades prehistoricás. Home que tanto e tan fortemente leva traballado en prol da cultura catalana, non pode deixar de axudar ca sua esperanza, co seu saber e co seu talento, os que n-isla terra, e sentindo as mesmas arelas que cícalas il siente, andamos a erguer unha miga o creto esmorecido da Galiza.

F. L. C.

BULLETÍ DE L'ASSOCIACIÓ CA TALANA D'ANTROPOLOGIA, ETNOLOGIA I PREHISTORIA, Volum tercer - Fascicle I-Barcelona, 1925.

La caverne sepulcrale du Trou de Vivies a Narbonne. A Schullen - Una Descripción desconeguda d'Emporium (Solusti, Hist. III, 6). Joan Amades: El ball de les gitanes. Bibliografía e Notices. Particularmente interesante para nos o baile dos xitanos que non deixa de ter imitanzas na nosa terra (os bailes de cintas), e na bibliografía o traballo de D. Manuel Cazurro «La riqueza en metales preciosos de la España Antigua». Memorias de la Academia de Ciencias y Artes de Barcelona, en que se ocupa do ouro galego.

ANACLETO CABEZA - UNA SERIE DE 17 CRÁNEOS PROCEDENTES DE LA ISLA DE MINDANAO, separada das Actas e Memorias da S. E. de Antrop. Etnogra. y Prehistoria, Madrid, 1927.

INTRASANTISIMO estudio antropológico de cráneos de Mandaya, Bagobo, Manobo, Taga caolo, Altá, Bilan, Samal, Negrito, Moro e Subano.

Os cráneos en cuestión foron donados polo autor a Universidade de Compostela, onde deben atoparse.

Molta sería a nosa ledicia se o Sr. Cabeza que é galego e de caste de bós galegos adicara alguma parte do seu tempo e do seu muito saber o estudo da nosa antropología que tanto precisa de investigadores serios i-enteados.

F. L. C.

REVISTAS

BIBLOS, revista da Facultade de Letras da Universidade de Coimbra, Xaneiro e Febrero, 1926.

SOVERBA publicación da grande e nobre Universidade portuguesa, que nos visita por primeira vez, e que é merecente da nosa mais fervente acollida.

Non somentes está n-ela representada brillantemente a ciencia e a erudición portuguesa, senón que n-un amplio senso de colaboración espiritual, precura unha aproximación co pensamento xermánico a medio do Instituto Alemany da Universidade de Coimbra, cuyo boletín forma parte d'esta revista, que xa a miúdo insertaba traballos en léngua alemana. Dixérase que o espírito de D. Carolina Michaelis de Vasconcelos, onde tan ben s'axuntaron os dous espíritos, orienta este labor. Tral, polo tanto, copiosa bibliografía alemá, de libros e revistas.

O sumario d'iste duplo fascículo da *Biblos* é o seguinte. *Os judeus portugueses sob o domínio dos Felipes* (III) polo Dr. Mendes dos Remedios. - *A propósito do Infante Santo en Fez*, polo Dr. Davial Lopes. - *Os reservados da Biblioteca da Universidade de Coimbra*, por Esneto Donato. - *Biblioteca de Biblos*. - *Livros de Portugal*. - *Varia*. - *Boletín do Instituto Alemán*.

Non saberíamos encarecer a utilidade d'esta revista pr'os nosos estudiosos.

S. N.

NAÇÃO PORTUGUESA.

VELÉQUI os números 9, 10 e 11, da serie actual, que o pensamento e ainda as verbas d'Antonio Sardinha siguen mantendo, enchendo as suas páginas d'un insistente doutrinari smo antiliberal. N-esto habería moi lo que comentar, que surte fora d'unha notinha bibliográfica.

Ensayos e outros escritos do Sardinha, ou en col do Sardinha; un interesante traballo do Pequillo Rebélo: *As falsas ideias claras en economía agraria*; escritos de Manuel Murias, Jackson Figueiredo, Hipólito Raposo, J. da Cunha Saraiva César de Oliveira, J. Osorio de Olivella, etc. e as notables notas políticas e literarias da *Crónica do mes* e das outras seccións xeraes.

S. N.

PARIS CONFERENCES.

NÚMEROS 5, 6 e 7, coa reseña das conferencias da Universidade Alexandre Mercereau, qu'outro día hemon reseñar.

Dr. MOSTEIRO

Médico
Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 51.^o

A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Véndense en todolos estabrecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Reloxeria ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas
e Accesorios

M. CALVIÑO

OURENSE



A mais económica de Galicia

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTESIS XEOLÓGRICA DE GALICIA por Ramón Otero Pedrayo

SANATORIO QUIRURJICO

DIRETORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na gorría, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, ten todolos condicíos precisas.—Practicase todaclás d'operacíos.—Dotado de todolos adelantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamiento de Anefites, procesos inflamatorios, reumalismo, etcétera.

Lámpara de crezo pra sol d'alumado e ultravioleta pra tratamiento d'escofialosis, rauquismo, alopecia, eczemas, etcétera. Admitense embarazadas, e c'ñense con material esterilizado pra forma da cibidade en casos d'urxencia.—Poden colaboraren todolos compañeros, previo consentimento dos diretores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS Blanco BRILLANTE, LOS GALLEGOS blanco e fino

Macía e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense

Gran Café Royalty

RUA PAZ NOVOA - OURENSE

NO MILLOR SITIO

O millor café e as millores bebidas

Orquesta e variétés

O preferido dos ourensans e dos forasteiros

ESTÁSE IMPRENTANDO

O MARISCAL

Lenda tráxica-histórica por

Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte

Apartado 67

Teléfono urbano 78
Id. interurbano 49

Fernández, Torres e C.ª

**FERROS -- ACEIROS -- FERRETEIRÍA
MAQUINARIA AGRÍCOLA**

Linares Rivas, 12

A CRUÑA

DISPONIBLE

Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.^º de Mayo a 31 de Outubro

1000

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

A D E Q U I R A

OS:NEROS

POB

FILGUEIRAS:VALVERDE